

# CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

CICLO SUPERIOR ASIR

→ EIE

→ FOL

IES Isidro Parga Pondal

Curso 2023-24

# EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA

## 1. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA E OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (punto 5 da programación didáctica)

### AVALIACIÓN DO ALUMNADO:

#### A). Avaliación inicial:

Mediante un cuestionario a fin de coñecer as características, capacidade e formación previa do grupo-clase. A información obtida complementarase coa facilitada polo titor/a respecto do curso anterior ( por ser alumnos de 2º curso do ciclo).

#### B). Avaliación continua:

Se aplica aos alumnos con asistencia regular ás clases (as faltas de asistencia -xustificadas ou non- non excederán o 10% das horas lectivas do módulo EIE) que deberán participar de forma satisfactoria en tódolos proxectos a realizar.

Cara a comprobar o grao de consecución dos obxectivos, competencias, cualificacións profesionais, actitudes, aptitudes, desenvolvemento de capacidades, habilidades, traballo en equipo, resultados de aprendizaxe, etc.; Por tanto serán obxecto de avaliación e cualificación todas as actividades desenvolvidas polos alumnos perante o proceso de aprendizaxe: tarefas na aula-taller, individuais e en pequeno grupo, así como a actitude de respecto polos outros e o bo facer nos traballos colectivos. Os resultados das actividades propostas deberán ser entregados en prazo e no formato requirido.

Cada grupo de traballo terá unha carpeta que conteña:

-O Proxecto empresarial desenvolvido (nas diferentes fases) e que será obxecto de exposición oral unha vez rematado.

-Os anexos coa información empregada e os traballos complementarios realizados para dar resposta e levar a cabo cada unha das fases do mesmo.

O profesor avaliará:

- Cada unidade da simulación empresarial dos diferentes grupos e os proxectos.

- As actividades individuais sobre cuestións específicas das distintas unidades didácticas.

- As probas escritas realizadas polos alumnos de cada unha das unidades do módulo.

Por tanto a avaliación formativa basearase nos seguintes aspectos:

- Asistencia a clase.
- Actitude e aptitude do alumno/a: aprendizaxe, cooperación e capacidade de traballo en grupo, capacidade de comunicar nas exposicións orais, ..etc.
- Traballo diario: mediante a observación directa, diferentes rexistros (caderno do profesor, diarios de aula,..) da marcha do proceso no referente a participación nos debates, claridade e interese da mesma, participación no traballo do grupo, etc.
- Elaboración do proxecto: o profesor rexistrará o traballo do grupo ao remate de cada fase, valorando a cantidade de traballo segundo o obxectivo da fase e a evolución de cada alumno. Se valorará ademais a calidade do traballo e a correcta presentación do mesmo.
- Cuestionario individual: sobre as actividades realizadas para avaliar os coñecementos e comprensión adquiridos nas mesmas. Cando se realice máis dunha proba escrita por avaliación, deberá obter unha cualificación de 5 en cada unha.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- O **90 %** da cualificación final obterase das fases realizadas do proxecto empresarial, as actividades e as probas escritas de cada unidade:
  - Nota dos traballos e actividades: 60%.
  - Probas e exames individuais realizados: 40%.

A superación de cada unha das unidades didácticas supón a obtención dunha nota maior ou igual que cinco en cada unha das anteriores.

- O **10%** restante virá dado por:
  - Asistencia, comportamento: 5%.
  - Actitude persoal de disposición ante o traballo (rigor, interese, responsabilidade,..): 5%.

As puntuacións decimais obtidas tanto na avaliación parcial como na final redondearanse por exceso (si 0,5 ou maior) ou por defecto (si menor de 0,5).

## **2. PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DAS PARTES NON SUPERADAS**

### 2.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Dado que a materia é continua máis diferente en cada avaliación poderá ser recuperada na avaliación seguinte:

- Mellorando a fase do proxecto empresarial cualificado con nota inferior a 5: corrixindo as decisións erróneas, as deficiencias observadas e realizando as modificacións pertinentes.
- Incorporando actividades específicas no caso de non ter acadados os obxectivos mínimos.
- Realizando unha nova proba de coñecementos.

### 2.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Ó final de curso, se o alumno non alcanza as capacidades terminais programadas ou perde o dereito á avaliación continua por acumulación de faltas de asistencia deberá facer unha avaliación extraordinaria, na que deberá presentar os traballos e cuestionarios que se lle encarguen e realizar unha proba escrita:

- Deberá solicitar ao profesor a lista de traballos propostos e exercicios a desenvolver.
- Presentar os traballos propostos e a solución dos exercicios prácticos formulados, nos prazos fixados ( a cualificación destes suporá o 20 % da nota final).
- Realizar unha proba individual (teórica e práctica), establecida previamente nunha data anterior a avaliación final do mes de xuño (a cualificación da mesma suporá o 80% da nota final).
- Superará o módulo o alumnado que obteña unha valoración positiva nos apartados precedentes (traballos e proba individual). Quen non se presente a devandita proba de avaliación final extraordinaria, cualificarase cun 1.

# FORMACIÓN Y ORIENTACIÓN LABORAL

## 1. MÍNIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA E OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

### MÍNIMOS EXIXIBLES:

- Diferenciar as normas fundamentais do Dereito Laboral.
- Diferenciar as modalidades de contratación.
- Distinguir entre suspensión e extinción laboral.
- Elaborar unha folla de salario
- Coñecer a Seguridade Social e as súas prestacións.
- Recoñecer os órganos de representación.
- Identificar os elementos do convenio colectivo e da negociación colectiva.
- Diferenciar os procesos de busca de emprego, fontes de información e mecanismos de selección.
- Identificar as iniciativas para o traballo por conta propia, así como, os trámites de constitución de pequenas empresas.
- Clasificar os recursos de auto-orientación.
- Coñecer as condicións de traballo e de seguridade.
- Determinar os factores de risco: químicos, biolóxicos, físicos, organizativos.
- Diferenciar medidas de protección e de prevención.
- Coñecer as prioridades e secuencias de actuación en caso de accidentes. Aplicar técnicas de primeiros auxilios.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A nota de cada avaliación será a suma de dous criterios:

- os resultados das probas escritas suporán un 70% da nota final.
- os resultados das actividades e traballos propostos suporán o 30% da nota final.

A cualificación mínima para superar a avaliación será un 5.

## 2. PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DAS PARTES NON SUPERADAS

### 2.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para aqueles alumnos que a través dos procedementos de avaliación comprobamos que non alcanzan as capacidades marcadas, deseñamos unhas medidas de recuperación e reforzo. Estas medidas estarán en función das capacidades terminais concretos que non alcanzou e do por que non as alcanzou. Para iso implantaremos tres tipos de actividades fundamentalmente: a interacción con outros compañeiros nas actividades de ensino e aprendizaxe que deseñemos, lectura de textos seleccionados que lle axuden a entender os conceptos básicos e cuestionarios con preguntas e exercicios sobre aqueles aspectos nos que o alumno presenta dificultades.

### 2.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Ó final de curso, se o alumno non alcanza as capacidades terminais programadas ou perda o dereito á avaliación continua por acumulación de faltas de asistencia deberá facer unha avaliación extraordinaria, na que deberá presentar os traballos e cuestionarios que se lle encarguen e realizar unha proba escrita.

Respecto aos alumnos que tendo cursado o módulo en 1º curso e pasen a 2º con este pendente a recuperación farase da seguinte forma:

- Exame único na convocatoria oficial extraordinaria que faga o centro.
- Darase opción a estes alumnos a entregar traballos periódicos dirixidos, co obxectivos de mellorar a preparación do exame.

Estes alumnos examinaranse preferentemente co profesor do Departamento que impartiu clase do módulo que teñen pendente. De non ser posible, serán examinados polo profesor que imparta clase no ciclo e grupo ó que pertenceron o curso anterior, salvo que o departamento chegue a algún outro acordo.